



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓNS NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

#### **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos estudantes do Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo nas instalacións das escolas oficiais de idiomas de Galicia e achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Real decreto 1393/2015, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias; normativa de prácticas académicas externas das universidades asinantes; normativa do plan de estudos da titulación e Real decreto 592/2014, do 11 xullo, polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

